

## **NOTA DE PRENSA**

# **A intervención psicolóxica en situacións críticas en centros educativos é clave para evitar danos engadidos ás persoas involucradas**

---

*Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2014.*- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organiza o vindeiro venres 7 de novembro un obradoiro sobre a intervención en situacións críticas dentro do contexto educativo, destinado aos e ás profesionais da psicoloxía que desempeñan o seu labor neste eido.

Trátase dun obradoiro práctico que mediante o estudo e debate de casos, amosará como intervir axeitadamente nunha situación crítica dentro do contexto educativo no que poden verse involucrados tanto menores como as súas familias, profesorado, persoal non docente...

No obradoiro abordarase a evolución do concepto de morte así como as posibles reaccións dos menores ante o dó, analizaranse as intervencións en centros educativos (escolas, institutos, residencias de estudantes...) máis relevantes levadas a cabo polo Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Tamén se presentará unha guía para o asesoramento e a intervención nunha situación crítica nun centro educativo e traballaranse diversos supostos prácticos. Rematarase a actividade cun debate coas achegas de todas as persoas participantes.

As encargadas de impartir o obradoiro serán Julita M<sup>a</sup> Touriño Araújo e Leonor Galiana Caballero, psicólogas, membros do GIPCE e que forman parte do Grupo de Traballo para a elaboración do protocolo de actuación en situacións críticas para centros educativos.

### **Saúdos,**

Se desexan **ampliar a información ou concertar entrevistas**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns  
686 994 089  
Raquel Miranda  
634 599 932  
[comunicacion@copgalicia.org](mailto:comunicacion@copgalicia.org)

Espiñeira, 10-Baixo  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983  
[www.copgalicia.es](http://www.copgalicia.es)  
[copgalicia@cop.es](mailto:copgalicia@cop.es)